



Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto ao **ámbito do plan**, apróbese a mesma zona que no plan do 2008, e dicir interior da liña imaxinaria que une de Punta Faxilda a Punta Centolo, de Punta Galera a Punta Couso, de Punta Couso a Punta Morcegos e Illas Ons e Onza.

Con respecto á relación de participantes:

No listado de participantes figuran 9 embarcacións que non teñen mergulladores titulados na súa tripulación. En anos anteriores tamén tiña lugar esta situación, así había 10 embarcacións sen mergulladores no ano 2008, 8 embarcacións sen mergulladores no ano 2007, 7 no plan do ano 2006 e 8 no plan do ano 2005.

En data 07.05.2007 o director xeral de Recursos Mariños concedía un prazo para regularizar a situación de 8 embarcacións (

) que foron incluídas en plans de explotación en anos anteriores, pero non acreditaron ter enrolado un mergullador. O prazo finaliza coa presentación do plan de explotación para o ano 2009 e ademais o incremento de participantes no plan tamén estaba condicionado a que o estado do recurso o permitira.

No plan de explotación do ano 2009, de novo as embarcacións

, non presentan tripulación con mergullador e xa que que non regularizaron a súa situación no prazo concedido, **decaen do dereito a ser incluídos no plan de explotación de ourizo das confrarías de Bueu, Portonovo e Sanxenxo**, outorgado en data 07.05.2007 polo director xeral de Recursos Mariños.

A embarcación decaeu do seu dereito a participar no plan de explotación, por non ter renovada a modalidade de ourizo para o ano 2008 ao non acreditar ter enrolado un mergullador coa titulación axeitada.

A embarcación que non ten outorgada a modalidade de ourizo no seu permiso de explotación, porque non acreditou ter mergulladores enrolados en anos anteriores (dende o ano 2004), debe ser excluída do plan de explotación.



A embarcación que ten renovada a modalidade de ourizo para o ano 2008, debe acreditar ter un mergullador enrolado coa titulación axeitada durante o procedemento de renovación da modalidade (levado a cabo pola Delegación Territorial no mes de novembro), en caso contrario decaerán do seu dereito a participar no plan de explotación.

O informe emitido sobre a actividade de mergullo emitido en data 19.11.2008 é favorable á realizar as inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando o plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, agás os seguintes mergulladores: (non ten a titulación axeitada), (tarxeta caducada o 07.11.2008), (caducada dende 22.11.2008) e (caducada dende 09.04.2006). Finalmente, lembrar que a cadúcalle a tarxeta en data 18.02.2009.

O número máximo de días autorizados redúcese a 60, co obxecto de axustar o calendario á actividade extractiva real desenvolta en anos anteriores.

O tope de captura limitarase a 150 kg/barco, á vista da evolución da CPUE (140,62kg en 2007, 89,61 kg en 2008). Establécese esta cota ata non obter máis datos, e debido a que o recurso podería atoparse en estado de sobrespesca, dada a súa deficiente avaliación.

Cumpre lembrar que o propio plan indica que dende o ano 2003 as extraccións de ourizo veñen decaendo progresivamente ano a ano e que hai un decaemento das poboacións de ourizo que dificultan a súa captura.

En relación coa solicitude de cotas semanais ou mensuais advírtese que, de conformidade co artigo 4º.1 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 272/2002, do 11 de xullo, **o tope de captura é por especie, mariscador e día**. Ademais, unha cota semanal ou mensual incrementaría o esforzo de pesca, posibilitando os riscos de sobreexplotación de bancos concretos.

Lembrar que de conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, a captura de ourizo poderá realizarse *“tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas”*. Por outra banda, o artigo 127 do Decreto 424/1993 recolle que *as artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita*.

O traslado de ourizo que pretenden realizar ao abeiro dun proxecto de rexeneración, será valorado tecnicamente cando dito proxecto sexa presentado, establecéndose as condicións para a súa realización.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación Territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Deben presentar a aprobación da proposta de plan polos órganos de goberno das confrarías de Portonovo e Sanxenxo.



Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Establecer subzonas de explotación dentro do ámbito do plan, de xeito que despois da explotación dunha delas non se volva a traballar durante un tempo, permitindo a súa recuperación e evitando a sobrepesca.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS:

O informe é favorable, pero coas seguintes precisións:

- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2008 (nin incrementarse número de embarcacións, nin de habilitacións, nin de días de extracción, nin aumentarse as cotas de extracción.
- Non deben realizarse actividades de semicultivo, rexeneración de zonas nin traslados de ourizo no ámbito do Parque, por considerarse actividades non compatibles cos obxectivos de conservación do Parque.

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
(4): Indicar en negrita o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración
-